

Regras de ouro da subtitulación

Tradución e introdución de subtítulos:

- Os subtituladores deberán traballar sempre cunha copia da produción e, se for posíbel, cunha lista dos diálogos e un glosario de palabras atípicas e referencias especiais.
- É traballo do subtitulador establecer os tempos de entrada e saída, traducir e introducir os subtítulos na lingua estranxeira.
- A tradución debe ser de boa calidade e debe ter en conta todos os matices idiomáticos e culturais.
- Deberán empregarse unidades sintácticas simples.
- Cando for preciso condensar o diálogo, o texto terá que ser coherente.
- O texto dos subtítulos debe distribuírse de liña en liña e de páxina en páxina en bloques de sentido ou unidades gramaticais.
- No caso ideal, cada subtítulo terá independencia sintáctica.
- O rexistro lingüístico debe ser apropiado e debe corresponderse coa locución.
- A linguaxe debe ser correcta desde o punto de vista gramatical, xa que os subtítulos constitúen un apoio á aprendizaxe.
- Toda a información importante que apareza por escrito na imaxe (signos, notas, etc.) debe ser traducida e incorporada na medida do posíbel.
- Dado que moitos telespectadores teñen problemas de audición, a información "superflua" como nomes, interxeccións de voces en off, etc. deberán ser tamén subtituladas.
- As cancións deben ser subtituladas se o seu texto for relevante.
- Non fai falta subtítular as repeticións obvias de nomes ou frases comprensíbeis.
- Os tempos de entrada e saída dos subtítulos deben axustarse ao ritmo de fala do diálogo, tendo en conta os cortes e os efectos de sonido.
- A distribución do texto debe ter en conta os cortes; os subtítulos deben manter a sorpresa ou o suspense, nunca rebaixalos.
- A duración dos subtítulos nunha produción debe axustarse ao ritmo de lectura dun espectador regular.
- Os tempos de entrada e saída dos subtítulos deben reflexar o ritmo do filme.
- Ningún subtítulo debe aparecer menos dun segundo ou, con excepción dalgunhas cancións, permanecer na tela máis de sete segundos.
- Debe deixarse un mínimo de catro fotogramas entre subtítulos para que o ollo do espectador capte a aparición dun novo subtítulo.
- Un subtítulo nunca terá máis de dúas liñas.
- Cando se usen dúas liñas de lonxitude irregular, a liña superior deberá ser a máis corta para deixar libre o maior espazo posíbel de imaxe e os subtítulos deberán ir xustificadas á esquerda para evitar un movemento innecesario do ollo.
- Debe haber unha correlación entre o diálogo do filme e o contido do subtítulo; a lingua de partida e a lingua de chegada deben estar sincronizadas en todo o posíbel.
- Debe haber unha correlación entre o diálogo do filme e a presenza de subtítulos.
- Cada produción debe ser revisada por un corrector/editor.
- O subtitulador (principal) debe ser recoñecido ao final do filme ou perto do crédito do roteirista se os créditos aparecer ao principio.
- O ano de produción do subtítulo e o *copyright* da versión deben aparecer ao final do filme.